



Pilar Rojo: “Nada de canto sucede en torno ao mundo da pesca resulta alleo ao Parlamento de Galicia”

- A presidenta do Parlamento participou no acto de entrega das Medallas ANFACO-CECOPESCA, celebrado este mediodía en Vigo
- Rojo Noguera recorda a cantos teñen contribuído a facer de Galicia un territorio líder no sector conserveiro e de transformación, “unha fazaña que leva impreso un marchamo feminino”

Santiago, 3 de maio de 2013.- “Para o Parlamento de Galicia, nada de canto sucede en torno ao mundo da pesca e o sector industrial derivado resulta alleo”, subliñou este mediodía en Vigo a presidenta da Cámara lexislativa autonómica, Pilar Rojo, no transcurso do acto de entrega das Medallas ANFACO-CECOPESCA, presidido polo titular da Xunta, Alberto Núñez Feijóo.

Rojo Noguera destacou o “papel crucial que teñen xogado na historia económica de Galicia e que continúan desenvolvendo” na actualidade os socios de ANFACO-CECOPESCA, máis de 200 empresas pertencentes ao complexo mar-industria.

Ao tempo, a xefa do lexislativo galego recordou a todas as persoas que “teñen contribuído, co seu esforzo e o seu traballo, a facer de Galicia un territorio líder” no sector.

A xuízo de Pilar Rojo trátase dunha “fazaña que, en boa medida, leva impreso un marchamo feminino, porque as mulleres aportaron e aportan a maior parte da man de obra” no sector conserveiro. “Aportan tesón e bo facer –afirmou-, que



se traslada á transformación de produtos elaborados de primeirísima calidade, apreciados como tales no mundo enteiro”.

A mellor despensa mariña

Se ben recoñeceu que Galicia conta coa “mellor despensa mariña do mundo”, a presidenta do Parlamento apuntou que “sen a coidada manufactura á que estes produtos son sometidos nas nosas fábricas, dificilmente terían acadado as actuais cotas de prestixio nos mercados”.

No transcurso do acto, celebrado nas instalacións do Clube Financeiro de Vigo, a presidenta do Parlamento de Galicia entregou a Medalla de Prata de ANFACO-CECOPECA ao presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, Gabriel Mato Adrover.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.